

**CONCELLO
DE VIGO**



PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE ENXEÑEIRO/A DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS, POLA QUENDA LIBRE

Proceso selectivo convocado na 3ª fase das Ofertas públicas de emprego 2020-2021-2022 do Concello de Vigo

ACTA DO 3º EXERCICIO

Exp. 47852/220

En Vigo, a 11 de xuño de 2026, sendo as 09.00 horas, na Sala Europa (sita na planta 3ª da Casa do Concello), reúnese o tribunal cualificador para a selección de dúas prazas de enxeñeiros/as de camiños, canais e portos polo sistema de quenda libre.

Atópanse presentes os seguintes membros:

Presidencia: Jerónimo Centrón Castaños, enxeñeiro industrial, xefe/a da área de servizos xerais do Concello de Vigo

Secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de administración municipal de Vigo

Vogalía primeira: Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de camiños do Concello de Vigo do Concello de Vigo

Vogalía segunda: Xacobe Paz Salgado, enxeñeiro de camiños do Concello de Vigo

Vogalía terceira: María Luisa Sobrino del Río, arquitecta xefa da área técnica da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo

Asiste ao tribunal para toda a realización da proba D. Luis Iglesias Rejas, funcionario de carreira no servizo de Administración Electrónica.

Sendo as 09.05 horas, os membros do tribunal proceden ao chamamento das aspirantes que continúan no proceso e comprobación da súa identidade mediante a exhibición do DNI asistindo os que a continuación se relacionan:

O exercicio consistirá nunha proba de coñecementos de informática a nivel usuario de contornos operativos linux/windows ou similares, manexo de ferramentas de ofimática (open office ou similar) e de utilidades básicas de internet en ditos contornos (navegación, correo electrónico, etc), así como coñecementos básicos de Sistemas CAD e de Información Xeográfica no tempo que estableza o órgano de selección.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dous (2) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de un (1) puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/06/2026 12:03	Páxina 1 de 2
3870-232	CSV: A7BBB9-36A4BH-338638-AYPREQ-EHSPMF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

D. Luis Iglesias Rejas explica aos aspirantes que a proba será anónima e en que consiste; as respostas recolleranse nunha folla de respostas e as erróneas non restan. A duración será de 40 minutos.

As follas de resposta son anonimadas insertando os nomes nun sobre que péchase diante das aspirantes, e asíñase pola secretaria, y é aberto unha vez finalizada a corrección, diante das aspirantes.

As 09.10 horas iníciase o tempo de realización do exercicio que remata ás 09.50 horas.

Rematado, procédese a súa corrección por D. Luis Iglesias Rejas, conxuntamente cos membros do tribunal, primeiro de forma anónima, e logo contrastando cada exame coa súa folla de identificación (en presenza das aspirantes), co seguinte resultado:

APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO
LOPEZ RODRIGUEZ	M. T.	***0430**	7,5	8,75	2,00
MARTINEZ GIRALDEZ	F.	***7916**	5,5	6,00	2,00
AMARO AREA	C. M.	***2007**	8,5	8,75	2,00

Contra os acordos do órgano de selección, as persoas aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte á data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos.

Sendo as 10,00 horas do día arriba indicado, dáse por finalizada a sesión, da que dou fe coma secretaria co Visto e prace do presidente.

Vigo, na data da sinatura dixital

O Presidente
Jerónimo Centrón Castaños

A secretaria
Pilar del Carmen Saborido Díaz



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/06/2026 12:03	Páxina 2 de 2
3870-232	CSV: A7BBB9-36A4BH-338638-AYPREQ-EHSPMF-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		